



## Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo

### Presentación

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense está localizada no Edificio Xurídico Empresarial do Campus Universitario en pleno centro da cidade.

A oferta educativa para o próximo curso 2023-2024 no Centro é:

#### Títulos de Grao:

- **GRADO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS**
- **GRADO EN TURISMO**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENXEÑERÍA INFORMÁTICA**
- **PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO**
- **PROGRAMA CONXUNTO TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA**
- **GRAO EN ADE CON RECOÑECIMIENTO MUTUO DE ESTUDOS POLA UNIVERSIDADE DE VIGO E A HOCHSCHULE BREMENERHAVEN (ALEMAÑA)**
- **Bachelor of arts in Cruise Tourism Management**

Desde o curso 2015-2016, grazas a un acordo de cooperación Inter-Institucional con Hochschule Bremerhaven, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo oferta o **Programa de Dobre Grado Internacional** en Administración e Dirección de Empresas (Business Administration & Management) da **Universidade de Vigo** e Bachelor of Arts in Business Administration en **Hochschule-Bremerhaven**. Ademais, por terceiro ano consecutivo ofértase o programa **ADE INTERNACIONAL** con mais de 60 créditos impartidos en inglés. No curso 2016-2017 iníciase a oferta do programa **TURISMO INTERNACIONAL** con mais de 39 créditos impartidos en inglés.

Con estes acordos e programas a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo aposta pola internacionalización dos estudos e a participación dos estudantes en programas de mobilidade e intercambio, abrindo un abanico a novos horizontes e opcións de futuro.

En canto á oferta de POSGRAOS da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo:

- **MESTRADO OFICIAL EN DIRECCIÓN E PLANIFICACIÓN DO TURISMO**
- **MESTRADO OFICIAL EN XESTION EMPRESARIAL DO DEPORTE**

Para obter máis información visita a nosa páxina web <http://www.fcetou.uvigo.es/>

¡Ven a visitarnos!

### Organigrama

#### EQUIPA DECANAL

##### Decana

María Montserrat Cruz González  
Teléfono: 988 368 800  
e-mail: decano.eto@uvigo.es

**Secretario**

Alberto Vaquero García  
Teléfono: 988 368 762  
e-mail: secretario.facultade.eto@uvigo.es

**Vicedecano de Ordenación Académica**

Francisco Tugores Martorell  
Teléfono: 988 368 770  
e-mail: ftugores@uvigo.es

**Vicedecano de Estudos de Grao e Xestión Informática**

Javier Sánchez Sello  
Teléfono: 988 368 742  
e-mail: javiss@uvigo.es

**Vicedecano de Calidade**

Juan Manuel de los Rios Sánchez  
Teléfono: 988 368 816  
e-mail: jmrrios@uvigo.es

**Vicedecana de Relacións Internacionais**

Maria Beatriz González Sánchez  
Teléfono: 988 368 712  
e-mail: bgonzale@uvigo.es

---

**Localización**

Edificio Xurídico-Empresarial  
Campus Universitario As Lagoas  
32004 Ourense

**Conserxería:** + 34 988 368 700

**Secretaría de alumnado:** +34 988 368 803; administracion.eto@uvigo.es

**Secretaría de Decanato:** +34 988 368 800; secretario.eto@uvigo.es

**Relacións Internacionais:** bgonzale@uvigo.es

**Información xeral:** info.eto@uvigo.es

Fax: + 34 988 368 923

Páxina web: www.fcetou.uvigo.es

---

**PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia****Materias****Curso 1**

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
004G741V01101	Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I	1c	6
004G741V01102	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I	1c	6
004G741V01103	Economía: Introducción á economía	1c	6
004G741V01104	Xeografía: O turismo no mundo actual	1c	6

O04G741V01105	Socioloxía: Socioloxía do turismo	1c	6
O04G741V01106	Historia: Introducción á historiografía	2c	6
O04G741V01107	Prehistoria universal	2c	6
O04G741V01108	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	2c	6
O04G741V01109	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas II	2c	6
O04G741V01110	Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas II	2c	6
O04G741V01111	Idioma moderno: Inglés para turismo	2c	9

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I**

Materia	Empresa: Contabilidade de organizacións turísticas I			
Código	O04G741V01101			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Rivero Fernández, M <sup>a</sup> Dolores González Sánchez, María Beatriz			
Profesorado	González Sánchez, María Beatriz Rivero Fernández, M <sup>a</sup> Dolores			
Correo-e	mrivero@uvigo.es bgonzale@uvigo.es			
Web	<a href="http://mrivero@uvigo.es">http://mrivero@uvigo.es</a> //// <a href="http://bgonzale.webs2.uvigo.es/">http://bgonzale.webs2.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Con esta materia preténdese que os estudantes adquiran os coñecementos necesarios para comprender o proceso de elaboración da información contable			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer o funcionamento básico dun sistema contable como instrumento informativo ól servicio do proceso de toma de decisións

Coñecer as bases conceptuais da contabilidade como ciencia social, o seu carácter de sistema de información de características especiais, así como o concepto de utilidade da información económico- financeira

interpretar a información para a toma de decisions

interpretar a informaion economico-financiera das empresas turísticas

**Contidos**

Tema

TEMA 1. Introducción á contabilidade.

TEMA 2. A estrutura patrimonial da empresa.

TEMA 3. Análise conceptual dos compoñentes do balance de situación.

TEMA 4. Análise conceptual dos compoñentes da conta de perdas e ganancias.

TEMA 5. A memoria, o estado de cambios no patrimonio e o fluxo de efectivo.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	15	42	57
Seminario	3	0	3
Lección maxistral	25	0	25
Exame de preguntas obxectivas	1	40	41
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	21	22
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Traballo tutelado	Realizaranse diversas actividades relacionadas cos contidos impartidos e obxectivos a alcanzar no estudo desta materia.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Nas diferentes sesións que conforman esta metodoloxía, expoñeranse de xeito claro e preciso os contidos da materia que lle permitirán ao alumno a comprensión dos aspectos conceptuais desta.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Na aula e nas horas de titorías

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba sobe os contidos impartidos	40	
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumno debe realizar unha serie de exercicios nun tempo e condicións establecido/as polo profesor.	20	
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba sobe os contidos impartidos	40	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación pode ser continua (AC) ou global (AG). Se presume que os estudantes seguirán o sistema de avaliación continua, salvo que manifesten a súa intención de optar pola avaliación global. En este último caso, teñen que notificalo ó profesor segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro.

A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

A avaliación continua consta de tres probas, consistentes en dous exames escritos de carácter teórico - práctico. Cada un dos exames pondera un 40% e é necesario sacar unha calificación de 5 en cada un deles para aprobar e facer media cas demais probas. Outra proba será a realización de casos prácticos plantexados polo profesor. Esta proba pondera un 20%. Esta porcentaxe distribúese entre os casos que vanse a plantexar. O alumno que non poida ou non queira realizar algún ou todos os casos, perderá a cualificación correspondente a cada un deles, sin que se teña opción a recuperalos.

Se un estudante suspende un ou os dous exames parciais plantexados (os que representan o 80% da nota), poderase presentar a convocatoria oficial de xuño ca proba ou probas suspensa/s.

Aqueles estudantes que optaron pola avaliación continua, e teñen os exames parciais aprobados, en xuño serán avaliados cas notas obtidas nos exámenes e nas demais probas. Se o alumno non aprobou algún exame parcial e se presenta en xuño a recuperalo/s ten que sacar un 5 para facer media; en caso de non obtelo porase a nota obtida neste exame.

Os alumnos que opten pola avaliación global serán avaliados cun exámen teórico práctico e calificados ca nota que saquen no correspondente exame.

Os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade podrán ser avaliados de novo na segunda oportunidade a través dunha proba teórico-práctica que suporá o 100% da nota.

Esta guía e orientativa e esta suxeta a modificacións se o longo do curso se estiman necesarias.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso académico.

No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da facultade.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

O'Donoghue, Donncha, **Financial accounting for the hospitality, tourism, leisure and event sectors**, Orpen Press, 2015

#### Bibliografía Complementaria

LÓPEZ, D.; ORTA, M.; SIERRA, G., **Introducción a la contabilidad y al análisis financiero**, Pirámide,

SEGOVIA SAN JUAN, A., **Contabilidad básica adaptada al nuevo plan general de contabilidad**, Ramón Areces,

MINISTERIO DE ECONOMÍA Y HACIENDA, **Pan General de Contabilidad**, B.O.E.,

URIAS VALIENTE,J., **Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Académicas,  
DOMINGUEZ CASADO,J., **Introducción a la Contabilidad Financiera I**, Ediciones Pirámide,  
MUÑOZ MARCHANTE, A., **Prácticas de Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Axadémicas,  
ACEDO MUÑOZ, G, **Contabilidad General**, Anaya Formación,  
MUÑOZ MERCHANTE,A, **Introducción a la Contabilidad**, Ediciones Académicas,

Atkinson, H., Berry, A., & Jarvis, R, **Business accounting for hospitality and tourism**, Chapman & Hall, 1995  
Camacho-Miñano, M.; Akpınar, M.; Rivero-Menéndez, M.J.; Urquía-Grances, E. and Eskola, A., **Beyond Figures: Introduction to Financial Accounting: European Financial Accounting Manual**, Pirámide, 2012

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

Requírense coñecementos informáticos a nivel de usuario, fundamentalmente un procesador de textos e manexo de folla de cálculo. Manexo de internet para a busca de información e bases de datos.

Nota: esta guía docente anticipa as liñas de actuación para o desenvolvemento desta materia, e concíbese de forma flexible, en consecuencia, pode requirir axustes ao longo do curso académico. Achegaráselle ao alumno a información e pautas que sexan necesarias en cada momento ao longo do curso académico.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I**

Materia	Empresa: Dirección e xestión de entidades turísticas I			
Código	004G741V01102			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	del Río Rama, María de la Cruz			
Profesorado	del Río Rama, María de la Cruz			
Correo-e	delrio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Profúndase nos fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico).			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Obter os coñecementos necesarios que lle capacitan para o desenvolvemento da actividade profesional no ámbito da Xestión de Empresas Turísticas	
Aplicar os coñecementos teóricos adquiridos	
Utilizar as Tics necesarias para o manexo e obtención de información e datos relevantes para a toma de decisións	
Manexar adecuadamente as capacidades adquiridas relacionadas co desenvolvemento das súas aptitudes, necesarias para exercer a profesión no sector turístico	

**Contidos**

Tema	Estes contidos desenvólvense mediante o seguinte temario:
Breve descrición do contido: fundamentos teóricos que integran o sistema conceptual da Economía da Empresa. Subsistemas Funcionais da empresa (dirección, político, cultural, humano e técnico).	
PARTE I: FUNDAMENTOS DA EMPRESA TURÍSTICA .	
TEMA 1: A EMPRESA TURÍSTICA .	
TEMA 2: A CONTORNA DA EMPRESA TURÍSTICA .	
TEMA 3: A FUNCIÓN DE PLANIFICACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .	
PARTE II: ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS TURÍSTICAS .	
TEMA 4: A FUNCIÓN DE ORGANIZACIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .	
TEMA 5: A FUNCIÓN DE DIRECCIÓN NA EMPRESA TURÍSTICA .	
TEMA 6: A FUNCIÓN DE CONTROL NA EMPRESA TURÍSTICA .	

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	15	0	15
Seminario	3	0	3
Lección maxistral	29	0	29
Traballo	0	28	28

Exame de preguntas obxectivas	2	69	71
Estudo de casos	0	4	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase utilizar como complemento da lección maxistral.
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvo de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Seminario	Mecanismo non presencial de atención do alumnado (titorías): en todas as modalidades, presenciais ou non presenciais, as sesións de titoría realizaranse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia) baixo a modalidade de acordo previo.
-----------	---

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo	Realización dun traballo autónomo en grupo. Elaborarase ao longo de todo o cuadrimestre e presentarse ao final do mesmo.	25	
Exame de preguntas obxectivas	Avaliación da asimilación de coñecementos (3 probas)	70	
Estudo de casos	Realización de dous casos prácticos ou análises de situacións.	5	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

**Existen dúas forma de avaliar: avaliación continua e avaliación global. O prazo para mudar de avaliación continua a global e do 11 de setembro a 11 de outubro.**

- **Non presencial (sistema de avaliación non continua e segunda convocatoria)**, cun exame final que poderá incluír contidos teóricos e/ou prácticos mediante preguntas de opción múltiple, curtas, de desenvolvemento ou de casos prácticos. O exame constará dunha parte teórica (preguntas curtas e/ou proba) (50%) práctica (50%). Será necesario superar ambas partes por separado (5 puntos sobre 10) Esta proba está dirixida a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 100% da nota, e avaliarase, ademais dos conceptos de o tema, a claridade na exposición e o correcto uso gramatical e ortográfico naquelas partes que o requiran.

- **Aula (Sistema de avaliación continua)**, a aplicación dun sistema de avaliación continua supón que a cualificación final se obterá da avaliación de tres probas de coñecementos, resolución de exercicios breves e traballo dirixido.

1.- As probas de coñecementos: consistirán na resolución de tres probas de coñecementos, que conterían exercicios e respostas a preguntas curtas e/ou de resposta múltiple. Parte teórica (preguntas curtas e/ou tipo test) (50%), práctica (50%). Será necesario superar as dúas partes por separado (5 puntos sobre 10), para superar a proba de coñecementos. Para aprobar a materia é necesario ter superadas as tres probas de coñecementos.

2.- A resolución de exercicios breves: estímase que o número total de traballos breves será de tres ao longo de todo o cuadrimestre.

3.- Traballo tutelado: consistirá na elaboración en grupo (3/4 alumnos) dun traballo, destinado á aplicación dos conceptos e técnicas da materia de forma autónoma por parte do alumnado, contando cunha atención personalizada para o seu seguimento.. O traballo titorizado entregarase na data límite anunciada con suficiente antelación.

A cualificación final será a suma das probas de coñecementos que supoñan o 70% da nota (para facer a suma deberán estar todas aprobadas), máis a cualificación obtida na resolución de exercicios breves que suporá o 5% da nota final. nota e a suma da cualificación obtida polo traballo tutelado que suporá o 25% da nota final. Nota mínima para superar a materia 5. Para facer a suma das tres probas (probas de coñecementos + resolución de exercicios breves + traballo dirixido) deberán aprobarse todas as probas de coñecementos.



Todas aquelas probas de coñecementos non superadas serán recuperadas na convocatoria oficial de exames (Xaneiro).

- As características específicas do exame final, tanto na avaliación presencial (convocatoria de xullo) como na avaliación non presencial, serán detalladas polo profesorado da materia (na clase e a través do MOOVI). plataforma) con antelación á mesma e no marco dos prazos legais establecidos pola Universidade de Vigo.

- En todos os exames será obrigatorio identificarse oficialmente (DNI, Pasaporte ou documento oficial substitutivo) e prohíbese a posesión de teléfonos móbiles, smartphones ou calquera outro dispositivo electrónico, aínda que estes estean apagados ou en repouso. O incumprimento destas dúas condicións invalidará a convocatoria á que asiste.

- As datas e horarios das probas de avaliación das distintas convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2023-2024. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as indicadas na páxina web da FCETOU.

**Segunda convocatoria (Xulio):** avaliarase cun exame final de todos os contidos da materia que poderá incluír contidos teóricos e/ou prácticos mediante preguntas que poderán ser de opción múltiple, curtas, de desenvolvemento ou casos prácticos. O exame constará dunha parte teórica (preguntas curtas e/ou proba) (50%) práctica (50%). Será necesario superar ambas partes por separado (5 puntos sobre 10) Esta proba está dirixida a avaliar a comprensión dos conceptos adquiridos na materia, asumindo o 70% da nota, e avaliarase, ademais dos conceptos de o tema, a claridade na exposición e o correcto uso gramatical e ortográfico naquelas partes que o requiran. O resto da nota corresponde á avaliación continua (5% exercicios breves e 25% traballo supervisado).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Inmaculada Martín Rojo, **Dirección y Gestión de Empresas del sector Turístico**, Ed. Pirámide, 2000

Raquel Arguedas y M<sup>a</sup> Teresa Nogueras, **Planificación, Dirección y Gestión Financiera de Empresas Turísticas**, Editorial Universitaria Ramón Areces, 2007

### **Bibliografía Complementaria**

Eduardo Parra López; Francisco Calero García, **Gestión y Dirección de Empresas Turísticas**, Ed. McGraw Hill, 2006

Cristóbal Casanueva Rocha; Julio García del Junco; Francisco Javier Caro González, **Organización y Gestión de Empresas Turísticas**, Editorial Pirámide, 2000

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

- Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que hai que levar a cabo co alumno na materia e está concibida dun xeito flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo destinatario real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, facilitarase aos estudantes información e orientacións específicas que sexan necesarias en todo momento do proceso de aprendizaxe.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Economía: Introducción á economía**

Materia	Economía: Introducción á economía			
Código	O04G741V01103			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Pereira Lorenzo, Nemesio			
Profesorado	Pereira Lorenzo, Nemesio			
Correo-e	nemesio@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://fcetou.uvigo.es/es/docencia/profesorado/jose-maria-rocha-alvarez/">http://http://fcetou.uvigo.es/es/docencia/profesorado/jose-maria-rocha-alvarez/</a>			
Descrición xeral	A (introdución) á Economía é un curso de ciencia económica. En cada tema, comezamos cunha pregunta ou un problema sobre economía (por que a chegada do capitalismo asóciase cun forte aumento no nivel de vida media, por exemplo) e logo ensinamos as ferramentas da ciencia económica que contribúen a unha resposta.  Para cada pregunta, o material está na mesma secuencia. Comezamos cun problema histórico ou actual, mesmo si é un complexo, e logo utilizamos os modelos para dilucidalo. Debido a que o curso empeza con grandes problemas, preguntas da historia e asuntos actuais, os modelos e explicacións que usamos necesitan ter en conta os fenómenos do mundo real. Por exemplo, os actores nunca teñen información completa sobre todo o relevante para as decisións que toman, os motivos que non sexan o interese propio tamén son importantes, e o exercicio do poder no comportamento estratéxico a miúdo ten que ser parte da explicación do resultado observado.  Recentes avances en Economía dannos as ferramentas para facer isto. E debido a que aplicamos modelos económicos a importantes, complexos e difíciles problemas, os estudantes do curso aprenden inmediatamente tanto as ideas obtidas do modelado, como as inevitables deficiencias dos modelos.  Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliografías para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en in			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Ser capaz de interpretar a relación dos axentes económicos que participan no sector turístico.	
Ser capaz de analizar os impactos das institucións no sector turístico usando fundamentos técnicos cuantitativos.	
Posuír coñecementos para realizar unha análise crítica de aspectos relativos ao sector turístico.	
Ser capaz de transmitir de maneira efectiva ideas sobre o funcionamento da economía tanto de forma escrita como oral.	

**Contidos**

Tema	
1.- A actividades económica	1.1 A actividades económica
2.- Os axentes económicos	2.1 Familias 2.2 Empresas 2.3 sector Público
3.- Mercado: Oferta e Demanda	3.1 Demanda 3.2 Oferta 3.3 Equilibrio de mercado
4.- A Empresa e Estructuras de Mercado	4.1 Competencia 4.2 Monopolio 4.3 Oligopolio
5.- Macroeconomía: Contabilidade Nacional	5.1 La contabilidade nacional 5.2 Producto interior y nacional 5.3 La Renta Nacional

6.- Mercado monetario	6.1 El dinero 6.2 El mercado monetario 6.3 Las Instituciones financieras
7.- A política económica	7.1 Obxetivos da política económica 7.2 A política fiscal 7.3 A política monetaria
8.- Comercio Internacional e Sector exterior	8.1 Comercio Internacional 8.2 Política comercial; aranceles 8.3 Balanza de pagos 8.4 Tipo de cambio

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	27	52	79
Resolución de problemas	13	0	13
Estudo de casos	10	0	10
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Traballo	4	40	44

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de *actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do apreso nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son: alcanzar unhas maior competencias dos contidos apresos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.
Estudo de casos	

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O estudante poderá comentar ao profesor calquera dúbida que lle xurda.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Probas para a avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadero/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	50	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución en clase de listas de problemas/preguntas.	50	
Traballo	Traballo. Deberase presentar nas semanas 12 a 14.	0	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Haberá dúas posibilidades de avaliación:

Continua: Realizarase o 25 de outubro un examen parcial que supondrá o 20% da nota na parte teórica, y o 20% da nota na parte práctica. Realizarase un examen final que supondrá o 40% da nota da parte teórica y o 40 % da nota da parte práctica. O 10% da parte teórica y o 10% da parte práctica, Obterase pola asistencia a clases y a entrega ao longo do curso de algún exercicio propuesto

Global: Os alumnos que no hayan realizado o sistema de avaliación continua terán dereito a un examen final que incluírá unha proba de preguntas obxectivas (50%), e unha proba de resolución de exercicios (50%)

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

### **Bibliografía Complementaria**

---

Krugman, P.R. et al., **Economía Internacional; teoría y política**, 9, Pearson, 2012

---

Mochón, F., **Economía y Turismo**, 2, McGraw Hill, 2008

---

---

### **Recomendacións**

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Xeografía: O turismo no mundo actual**

Materia	Xeografía: O turismo no mundo actual			
Código	O04G741V01104			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Díaz Fernández, José Antonio			
Profesorado	Díaz Fernández, José Antonio			
Correo-e	tonydiaz@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.es">http://moovi.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	<p>Panorama das claves interpretativas que explican o actual momento de desenvolvemento da actividade turística a nivel mundial e as súas tendencias actuais abordadas dende o punto de vista da xeografía. Neste contexto, realízase unha lectura espacial do turismo como actividade produtiva dependente dos valores do territorio e, polo tanto, indisoluble da paisaxe e da identidade territorial, unha identidade que se destrúe, ou se reconstrúe, co turismo, a través de complexos procesos de carácter económico, sociocultural e territorial. Análizanse os distintos escenarios do turismo nas grandes rexións turísticas mundiais, tanto a nivel de oferta coma de demanda, e os fluxos existentes entre elas. A análise territorial achega coñecementos clave para a comprensión da complexa e dinámica actividade turística, sendo especialmente reveladores coa aparición de novos escenarios baixo criterios de calidade ambiental e sostibilidade social. Con iso preténdese sentar unha base descritiva e conceptual que permita ao alumno contextualizar os coñecementos xeoturísticos que adquirirá ao longo do Grao de Turismo.</p> <p>Dende unha perspectiva máis ampla, trátase de mostrar o carácter multidisciplinar do fenómeno turístico, con elementos de carácter social, económico, cultural, territorial, ambiental etc., que se relacionan de xeito sistémico entre si. Así, a achega conceptual, instrumental e metodolóxica da materia «O turismo no mundo actual» parece indispensable para a plena consecución das competencias e obxectivos xerais do Grao de Turismo.</p>			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprender e interpretar os compoñentes básicos do turismo como sistema	
Coñecer e asimilar os trazos do desenvolvemento histórico e da distribución xeográfica do turismo no mundo	
Coñecer e asimilar os elementos e os factores da localización e o desenvolvemento da actividade turística, así como das súas implicacións no territorio	
Coñecer as peculiaridades espaciais dos territorios dinamizados polo turismo e as implicacións sobre o territorio, o medio ambiente, a economía e a sociedade	
Dominar o acceso ás fontes de información xeográfica relacionadas coa temática turística	
Demostrar capacidade de comunicación oral e escrita dos coñecementos adquiridos	

**Contidos**

Tema	
1. Aproximación xeral á natureza do turismo. O turismo como sistema.	.1.1. O turismo na doutrina e a súa evolución temática. .1.2. A realidade territorial e o turismo.
2. O desenvolvemento histórico e xeográfico do turismo.	.2.1. As aportacións da doutrina á materia turística. .2.2. A realidade territorial e os usos do solo turísticos. .2.3. Os factores que inciden no desenvolvemento do turismo.
3. Elementos e factores de localización e desenvolvemento turístico: as súas implicacións no territorio.	.3.1. A participación do turismo no eido territorial e os seus elementos dinamizadores nunha realidade cambiante. .3.2. A planificación do territorial en materia turística. .3.3. Os axentes dinamizadores do turismo.

4. A dimensión espacial da actividade turística a escala global: principais centros emisores, destinos receptores, principais fluxos turísticos, evolución recente do turismo internacional, perspectivas de futuro.	.4.1. A actividade turística no eido xeográfico global. .4.2. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas emisoras de turismo. .4.3. Os fluxos turísticos internacionais: principais áreas receptoras do turismo. Factores que inflúen na súa elección. .4.4. A incidencia internacional de factores socioeconómicos e sociopolíticos nos fluxos turísticos. .4.5. O marketing turístico e as súas estratexias.
5. Os espazos dinamizados polo turismo. Procesos e formas de organización do espazo resultante do turismo.	.5.1. Os usos do solo e a actividade turística. .5.2. A ordenación do territorio. .5.3. A planificación indicativa en materia turística. .5.4. O turismo e a súa contribución ao desenvolvemento endógeno local e rexional. .5.5. A Política comunitaria en materia de turismo. .5.6. A Estratexia española en materia de dinamización turística.
6. Turismo e cambios territoriais, ambientais, económicos e socioculturais.	.6.1. A transformación dos usos do solo xenerados polo turismo. .6.2. Os impactos positivos e negativos do turismo. .6.3. As variables que contribúen á dinamización territorial do turismo.
7. Fontes de información documentais, cartográficas e estatísticas relacionadas coa temática turística.	.7.1. O manexo das fontes estadísticas en materia turística. .7.2. O emprego do SIG para o estudo do turismo no eido territorial. .7.3. A definición dunha planificación estratéxica sobre a materia turística dun destino. .7.4. A Análise DAFO en materia turística.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	25	0	25
Traballo tutelado	15	42	57
Saídas de estudo	0	0	0
Seminario	3	0	3
Saídas de estudo	0	0	0
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	70	70
Traballo	0	25	25
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	5	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación por parte do profesor dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas. Propónse que o alumno sepa manexar as principais aportacións/Teses de opinión da doutrina para saber inferir esas aportacións á comprensión temática da materia O Turismo no Mundo Actual.
Traballo tutelado	Serán utilizados para complementar os contidos teóricos con exercicios de tipo práctico. Formulación e resolución de diversos materiais de temática turística, exercicios prácticos e audiovisuais para ser traballados na aula.
Saídas de estudo	A visita e saída de campo planificada para coñecer directamente espazos urbanos ou espazos naturais protexidos de interese turístico ten como obxectivo a observación da realidade e recollida de información por parte do alumno. Ademais, posibilitará o estudo de recoñecemento territorial para poder comprender a análise de campo e a planificación estratéxica do territorio obxectivo de estudo.
Seminario	Orientación do alumno na realización do seu traballo autónomo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e a organización do traballo de grupo. Tutelaranse as prácticas aos GP e avaliarase a realización das prácticas explicadas oportunamente. Faceranse as exposicións dos traballos académicos de investigación nos GP ante o aulario e o profesor
Saídas de estudo	

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Saídas de estudo	Planificar e programar as oportunas actividades e transmitir nas saídas académicas de estudo para fomentar un coñecemento temático-territorial dos recursos turísticos habidos e comprender a súa tipoloxía, sensibilidade territorial, potencialidades de desenvolvemento, políticas de posta en valor, etc. Proporase a participación e enriquecemento do alumno na saída académica a base de fomentar a súa intervención sobre as temáticas a explicar.
Seminario	Planificar e programar as diferentes sesións académicas para GG; GM, GP. Así, atenderase ao alumnado que solicite titoría sobre a materia teórica-práctica a impartir. Por tanto, a atención será tanto individualizada ao alumnado como en formato grupal para cada grupo de traballo que precise atención tutorizada.
Traballo tutelado	Programar un modelo de realización do traballo grupal e expoñerase nas clases GM. Posteriormente o alumnado realizará unha estrutura lóxica do traballo e acadará a información oportuna. Para iso, ensinarase a empregar ferramentas como SIG, SITGA, Base de datos do INE, IGE, etc. Preténdese aquí que se familiarice co acceso as fontes de información e que sepa acceder aos datos estatísticos e xeográficos das diferentes plataformas de documentación estatística e xeográfica.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	<p>Realización dun examen con unha parte teórica que valerá un 40% e unha parte práctica que valerá un 30% da cualificación final. Constará de dous partes: unha primeira parte referida aos contidos desenvolvidos nas clases teóricas da materia e unha segunda parte consistente nun exercicio práctico de características parecidas aos realizados nas clases prácticas.</p> <p>A cualificación da parte teórica suporá o 30% da cualificación final. A parte práctica o 20% da cualificación final.</p> <p>Deberase alcanzar unha puntuación de cinco (5) sobre dez puntos para poder facer o cómputo global de todas as actividades.</p> <p>Valoraranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Con respecto á proba de teoría: estudo e asimilación dos contidos teóricos da materia, capacidade de síntese e capacidade de organización das ideas, precisión e claridade expositiva.</li> <li>- Con respecto ao exercicio práctico: capacidade de reflexión, de interrelación de contidos prácticos e teóricos, de sínteses e de organización de ideas, así como o nivel de actitude crítica do alumno.</li> </ul>	70	
Traballo	<p>Elaboración e entrega dun traballo realizado en grupo fose da aula. Consistirá na avaliación turística dunha comarca ou localidade, de acordo a un guión preestablecido.</p> <p>Valoraranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- a capacidade de planificación e organización do traballo en grupo, a capacidade de análise, de interpretación e de síntese da información seleccionada, a actitude crítica, etc.</li> </ul>	20	
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	<p>Como actividade académica complementaria realizarase unha visita a un espazo urbano de interese turístico polo seu carácter patrimonial. Ten como obxectivo a observación da realidade vinculada aos contidos explicados en clase.</p> <p>O alumno entregará unha breve memoria referida aos aspectos traballados na devandita visita.</p>	10	

## Outros comentarios sobre a Avaliación

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partir das competencias adquiridas. Para iso, terase en conta as actividades a avaliar nos GM e nos GP, así como a proposta de Examen Parcial de Novembro e o Examen Final da convocatoria ordinaria de Xaneiro. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos ao profesor/a da materia. Para acadar a avaliación positiva deberase superar os traballos prácticos, as prácticas obrigatorias da materia e os exames de desenvolvemento planificados no cronograma.

Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios:

- a) Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 70% da cualificación final.
- b) Realización dun traballo bibliográfico que suporá o 20% da cualificación final.

c) O traballo práctico entregarase preceptivamente na data sinalada polo profesor: data da convocatoria de Xaneiro e data para a convocatoria de Xullo.

Segunda convocatoria:

Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo de grupo, visita e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo bibliográfico en relación co temario da materia.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro . En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

ANTON CLAVÉ, S. e GONZÁLEZ REVERTÉ, **A PROPÓSITO DEL TURISMO. LA CONSTRUCCIÓN SOCIAL DEL ESPACIO TURÍSTICO**, Editorial UOC, 2008

LOZATO GIOTART, J. P., **GEOGRAFÍA DEL TURISMO. DEL ESPACIO CONTEMPLADO AL ESPACIO CONSUMIDO**, Masson, 1991

VERA REBOLLO, J.F (Coord.) et al., **ANÁLISIS TERRITORIAL DEL TURISMO**, Ariel, 1997

### **Bibliografía Complementaria**

ÁVILA, R. et al., **TURISMO SOSTENIBLE**, IEPALA, 2002

BARRADO, D. A. e CALABUIG, J. (Eds.), **GEOGRAFÍA MUNDIAL DEL TURISMO**, Síntesis, 2001

BURTON, R., **TRAVEL GEOGRAPHY**, Pitman Group, 1997

CALLIZO SONEIRO, J., **APROXIMACIÓN A LA GEOGRAFÍA DEL TURISMO**, Síntesis, 1991

CAZES, G., **FONDEMENTS POUR UNE GÉOGRAPHIE DU TOURISME ET DES LOISIRS**, Breal, 1992

CRESPI, M. e PLANELLS, M., **DESTINOS TURÍSTICOS**, Síntesis, 2011

DE LA CALLE VAQUERO, M., **LA CIUDAD HISTÓRICA COMO DESTINO TURÍSTICO**, Ariel, 2002

DUHAMEL, PH. e KNAFOU, R., **MONDES URBAINS DU TOURISME**, Belin, 2007

FERNANDEZ FUSTER, L., **GEOGRAFÍA GENERAL DEL TURISMO DE MASAS**, Alianza, 1991

HERNÁNDEZ LUIS, J. A., **EL TURISMO DE MASAS: EVOLUCIÓN Y PERSPECTIVAS**, Síntesis, 2008

HOERNER, J. M., **GÉOPOLITIQUE DU TOURISME**, Armand Colin, 2008

LÓPEZ- GUZMÁN GÚZMAN, T.J. e LARA DE VICENTE, F., **TURISMO SOSTENIBLE: UN ENFOQUE MULTIDISCIPLINAR E INTERNACIONAL.**, Universidad de Córdoba, 2005

MESPLIER ,A. e BLOC- DURAFFOUR, P, **GEOGRAFÍA DEL TURISMO EN EL MUNDO**, Síntesis, 2000

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Recursos territoriais/O04G240V01304

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Socioloxía: Socioloxía do turismo/O04G240V01105

---

## **Outros comentarios**

A materia O Turismo no Mundo Actual deberá facilitarlle ao discente a comprensión da conxuntura turística a escala internacional para coñecer o comportamento da demanda turística e os destinos elixidos pola mesma.



<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Socioloxía: Socioloxía do turismo</b>				
Materia	Socioloxía: Socioloxía do turismo			
Código	O04G741V01105			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía			
Coordinador/a	Saco Álvarez, Alberto			
Profesorado	Saco Álvarez, Alberto			
Correo-e	adasa@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/adasa			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é posibilitar que o alumno desenvolva os coñecementos teóricos necesarios para permitirlle unha comprensión reflexiva da sociedade da información e a comunicación, as súas interrelacións e importancia na sociedade actual.			

### Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

### Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e comprender a importancia da *socioloxía no turismo como fenómeno de masas na sociedade actual.	
Identificar os problemas no ámbito turístico co obxectivo de lograr unha mellora na calidade dos diversos servizos turísticos.	
Reunir os coñecementos necesarios para comprender o impacto ambiental do fenómeno turístico.	
Asumir unha responsabilidade social e ética cos impactos do turismo nas sociedades receptoras.	
Reunir as capacidades necesarias que permitan defender e debater argumentos relacionados cos impactos turísticos tanto de forma oral como escrita.	

### Contidos

Tema	
TEMA 2.- *SOCIOLOGÍA XERAL	2.1.- Teorías clásicas e contemporáneas 2.2.- Temas tratados pola *Socioloxía
TEMA 1: *SOCIOLOGÍA E TURISMO	1.1.- .- *Socioloxía: obxecto e método. Relación con outras disciplinas. Tipos e aplicacións 1.2.- O fenómeno turístico e a súa interpretación sociolóxica
TEMA 3: *SOCIODEMOGRAFÍA DO TURISMO	3.1.- Teorías do turismo, axentes, motivacións 3.2.- Fontes e técnicas 3.3.- *Caracterización da demanda turística: tipos e fluxos
TEMA 4: A EVOLUCIÓN DO FENÓMENO TURÍSTICO	4.1.- Contexto español e turismo de masas 4.2.- O turismo en Galicia
TEMA 5: ÚLTIMAS TENDENCIAS E EFECTOS DO TURISMO	5.1.- O turismo emerxente na sociedade da información 5.2.- Turismo, desenvolvemento e acción social

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	15	45	60
Lección maxistral	30	27	57
Exame de preguntas obxectivas	3	30	33

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Elaboración dun traballo sobre o potencial turístico dun concello ou comarca

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	*Tutorización e orientación personalizada e *grupal ao alumnado

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Tutelarase a realización de traballos sobre o potencial turístico da Vía Nova (40%). Devanditos traballos serán expostos ao final do cuadrimestre (20%)	60	
Exame de preguntas obxectivas	Realizaranse tres probas tipo test ao longo do cuadrimestre, eliminatorias de materia.	40	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A descrición desta guía está pensada para a modalidade presencial (asistencia ao 75% das clases como mínimo). A cualificación final obterase da media das notas obtidas na avaliación continua e o traballo \*grupal\*. Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 50% da cualificación. O 50% restante obterase mediante a avaliación dun traballo-resumo da materia feita individual ou grupalmente. Realizarase a mesma proba na segunda edición de actas (xullo). As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames prevalecerán as sinaladas na páxina web da \*FCETOU.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

ALVAREZ SOUSA, P., **SOCIOLOGÍA DEL OCIO Y DEL TURISMO**, 2009,  
 MAZÓN, TOMAS, **SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2001,  
 RUBIO GIL, A, **SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2003,  
 LAZOVSKY, O., SACO, A., **DESPOBLACIÓN, TURISMO Y DESARROLLO RURAL EN EL INTERIOR DE GALICIA**, 2015,

#### Bibliografía Complementaria

AMAT LLOMBART, P, **CURSO DE SOCIOLOGÍA DEL TURISMO**, 2004,  
 GOLDSTONE, P, **TURISMO. MAS ALLÁ DEL OCIO Y DEL NEGOCIO**, 2003,  
 GONZÁLEZ, J.J., **TRES DÉCADAS DE CAMBIO SOCIAL EN ESPAÑA**, 2006,  
 LUCAS MARÍN, A., **LA REALIDAD SOCIAL. TRANSFORMACIONES RECIENTES EN ESPAÑA**, 2010,  
 SANTANA, M., **MANUAL DE SOCIOLOGÍA DEL OCIO TURÍSTICO**, 2009,

### Recomendacións

#### Outros comentarios

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumno na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real, ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Así mesmo, achegarase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Historia: Introducción á historiografía**

Materia	Historia: Introducción á historiografía			
Código	O04G741V01106			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Profesorado	Rodríguez Teijeiro, Domingo			
Correo-e	teijeiro@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.es			
Descrición xeral	Introdución ao estudo dos fundamentos básicos da historiografía, prestando especial atención ás características expistemolóxicas da ciencia histórica e á xénese e desenvolvemento das diversas teorías históricas, incluídas as tendencias e escolas actuais.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado.

Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.

**Contidos**

Tema	
1. O pensamento historiográfico.	1.1. Das orixes á Ilustración. 1.2. Da Ilustración á aparición das grandes escolas historiográficas.
2. As grandes correntes historiográficas.	2.1. O Materialismo Histórico. 2.2.. A escola de Annales. 2.3. A historia económica.
3. Tendencias actuais e novos enfoques.	3.1.. A historia social. 3.2. A historia política. 3.3.. A historia das mentalidades. 3.4. A historia cultural. 3.5. Outros enfoques: da biografía histórica á historia de xénero.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	22	55	77
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	5	30	35
Seminario	8	14	22
Resolución de problemas de forma autónoma	2	1	3
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	0	6
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades orientadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado e a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia.

Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal ou diversa organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia ou a Área de Historia Contemporánea
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusablemente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos, gráficos, vieográficos e filmográficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais. Docencia non presencial: preferentemente seguimento a través da plataforma de teledocencia e titoría no Campus Remoto.
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (Moovi, Uvigo), Titoría presencial (despacho), Titoría no Campus Remoto, correo electrónico. Docencia presencial: preferentemente seguimento na aula, seminarios e titorías presenciais. Docencia non presencial: preferentemente seguimento a través da plataforma de teledocencia e titoría no Campus Remoto.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 1,25 puntos dun máximo de 2,5 puntos.	25	
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,5 puntos dun máximo de 1 puntos.	10	
	Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos		
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistras que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos. Para superar a materia será preciso obter, nesta proba, unha cualificación mínima de 0,75 puntos dun máximo de 1,5 puntos.	15	
	Os resultados de aprendizaxe avaliados so: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos; formación para interpretar adecuadaente as sociedades do pasado.		

Exame de preguntas de desenvolvemento	Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de unha proba de avaliación que podrán incluir tanto exercicios de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar dita proba será preciso acadar, cando menos, unha cualificación mínima de 2 puntos dun máximo de 4 puntos.	40
---------------------------------------	--	----

Os resultados de aprendizaxe avalados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.

Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, da totalidade das actividades e probas que conforman a programación da materia, incluído o foro. Para o seu control e imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre .antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre.	10
-------------------------	--	----

Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo, deberá acudir e realizar as probas que o profesorado dispoña como imprescindibles. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: Curso virtual na plataforma Moodle (MooVi, UVigo) e correo electrónico. Docencia presencial: seguimento na aula e, no seu caso, o seminario de informática da facultade. Docencia non presencial: Campus Remoto (enlace en MooVi).

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e a consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. A utilización dos materiais postos a disposición do alumnado a través de MooVi deberá respectar os dereitos de autor/a e serán cualificados cun cero calquera proba ou exame nos que se "copien no sustancial obras alleas, dándoas como propias" (dierre).

Para todo o alumnado especificaranse en MooVi as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. O seguimento individualizado da participación de cada estudante a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, participación en foros, etc.).

Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de "avaliación global" deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* da Universidade de Vigo). O alumnado que non decida acollerse á avaliación continua, e o comunique no prazo fixado, examinarase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada, mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e do resto das actividades prácticas fixadas no curso, que suporarán en conxunto un 30% da nota. Todas estas probas, no caso de que así o requiran, deberán estar asignadas, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial de cada convocatoria ou oportunidade e entregaranse non máis aló da data de realización do mesmo en cada una destas. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción polo mencionado art. 19.4), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 tanto na parte teórica como en todas e cada unha das probas que conforman a parte práctica.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Aurell, J., Balmaceda, C., Burke, P. y Souza, F., **Comprender el Pasado. Una historia de la escritura y del Pensamiento Histórico**, 1ª, Eds. Akal, 2013

Iggers, G.G., **La historiografía del siglo XX. Desde la objetividad científica al desafío posmoderno**, Fondo de Cultura Económica, 2014

#### **Bibliografía Complementaria**

Pasamar, G. y Ceamanos, R., **Historiografía, Historia Contemporánea e Historia del Presente**, 1ª, Síntesis, 2020

Josep Fontana., **La historia de los hombres**, 1ª, Crítica, 2001

Elena Hernández Sandoica, **Los Caminos de la historia : cuestiones de historiografía y método**, 1ª, Síntesis, 1995

Enrique Moradiellos, **Las Caras de Clío : introducción a la historia de la historiografía**, Universidad de Oviedo, 2009

Elena Hernández Sandoica, **Tendencias historiográficas actuales : escribir historia hoy**, 1ª, Akal, 2004

Sanchez Marcos, F., **Las huellas del Futuro. Historiografía y cultura histórica en el siglo XX**, 1ª, Univ. de Barcelona, 2013

---

## **Recomendacións**

---

## **Outros comentarios**

---

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades, polo que todo o alumnado deberá estar dado de alta na plataforma de teledocencia e ter cubertos os seus datos de perfil.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Prehistoria universal**

Materia	Prehistoria universal			
Código	O04G741V01107			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Comendador Rey, Beatriz Pilar Pérez Maestro, Carmen			
Profesorado	Pérez Maestro, Carmen			
Correo-e	mamenarqueo70@gmail.com beacomendador@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	A materia Prehistoria Universal aborda dende una perspectiva xeral os principais cambios sucedidos na Historia a partir da orixe da especie humana, e os seus antecesores directos, ata o final da Edade do Ferro.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	
Dominar tanto as habilidades de redacción dun traballo de investigación que inclúa todas e cada unha das seccións que a investigación empírica esixe como as habilidades de presentación e defensa pública dun traballo empírico de investigación.	

**Contidos**

Tema	
1. Introducción á Prehistoria.	1.1. A Prehistoria como disciplina científica. 1.2. Instrumentos básicos para o estudo da Prehistoria.
2. Sociedades cazadoras recoletoras	2.1. O proceso de hominización. 2.2. O Paleolítico antigo. 2.3. O Paleolítico superior.
3. Sociedades produtoras	2.4. A arte do paleolítico. 2.5. O final das sociedades de cazadores-recolleitores.  3.1. O neolítico. 3.2. O calcolítico. 3.3. A idade de bronce. 3.4. A idade de ferro.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	23	15	38
Eventos científicos	2	0	2
Obradoiro	12	15	27
Traballo tutelado	0	30	30
Saídas de estudo	3	10	13
Seminario	5	5	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Traballo	2	5	7
Observación sistemática	0	1	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Sesións teóricas con apoio de material didáctico. Estas sesións serán desenvolvidas na aula e/ou mediante a plataforma de Moovi.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia.
Obradoiro	Técnica de aprendizaxe en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema.
Traballo tutelado	Traballo colaborativo con diversas actividades que finalizan na entrega dun documento. Estes traballos deberán ser expostos na aula, ou a través de Campus Remoto, e posteriormente entregados.
Saídas de estudo	Actividade desenvolvida nun contexto externo ao contorno académico universitario relacionado co ámbito da prehistoria.
Seminario	Seguimento da realización dos traballos. Asesoramento, orientación e aclaración de dúbidas sobre á asignatura.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia e revisión dos materiais xerados polas actividades da asignatura e sobre os traballos tutelados. O seguimento realizarase nas tutorías, sexan presenciais ou online, a través del Campus Remoto, curso virtual na plataforma de teledocencia moodle (Moovi, UVigo) ou correo electrónico.
Traballo tutelado	Deberá facer unha proposta temática, cun esquema incluído, relacionada co programa consultando a bibliografía e o material de Moovi. Esta proposta será supervisada así como a realización do traballo. O seguimento levarase a cabo nas tutorías, sexan presenciais ou online, a través del Campus Remoto, curso virtual na plataforma de teledocencia moodle (Moovi, UVigo) ou correo electrónico.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos das sesións maxistras e seminarios da primeira parte da materia (Prehistoria Antiga) serán avaliados mediante proba de resposta longa. Eventualmente poderán realizarse probas de resposta curta sobre temas específicos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, así como da estrutura diacrónica da Historia.	30
Traballo	Entregarase un documento sobre a lectura dun texto, análise do seu contido e crítica, e será exposto nunha actividade presencial realizada na aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	30
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	10
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos das sesións maxistras e seminarios da segunda parte da materia (Prehistoria Recente) serán avaliados mediante proba de resposta longa. Eventualmente poderán realizarse probas de resposta curta sobre temas específicos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, así como da estrutura diacrónica da Historia.	30

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

- A Material Virtual na plataforma de teledocencia MooVi, da Universidade de Vigo, permitirá o acceso aos materiais



precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

- Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido.
- O estudiantado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/a docente considere imprescindibles. No caso do alumnado semipresencial, as actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota.
- Para aprobar a materia, será preciso superar cada un dos bloques de avaliación da materia.
- O alumnado que non siga á modalidade de avaliación continua e que non realice a entrega de, como mínimo, o 80% das actividades prácticas nos prazos establecidos, pasará ao modelo de avaliación final.
- O seguimento individualizado da participación do alumnado (10%) será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios enlíña, etc.).
- O estudiantado que elixa ser avaliado mediante a modalidade de avaliación global deberá comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuadrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado da Universidade de Vigo).
- O alumnado que non siga a avaliación continua será avaliado dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 90% da avaliación final, e que examinará a adquisición das competencias tanto teóricas como prácticas.
- Todos os estudantes matriculados na materia deben cumprir o seu compromiso de honestidade académica e respectar os dereitos de autor/a tanto á hora de empregar os materiais postos á súa disposición a través de Moovi, como en calquera tarefa, proba ou exame.
- Calquera indicio de plaxio será cualificado cun cero, entendendo por iso cando se copien no substancial obras alleas, o que inclúe todo tipo de material ou recurso suxeito a propiedade intelectual, desde ideas e imaxes ata softwares ou vídeos, entre outros, sen citarse debidamente dándoas como propias.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Carbonell, E., **Homínidos. Las primeras ocupaciones de los continentes**, Ariel, 2005

Cunliffe, B. (ed.), **Prehistoria de Europa**, Crítica, 1998

Diamond, J., **Armas, gérmenes y acero. Breve historia de la humanidad en los últimos trece mil años.**, Debate, 2006

Díez Martín, F., **El Largo viaje: arqueología de los orígenes humanos y de las primeras migraciones**, Bellaterra, 2005

Gamble, C., **Las sociedades paleolíticas de Europa**, Ariel, 2001

Humphrey, L & Stringer, C., **Our Human Story.**, Natural History Museum, 2019

Rojo Guerra, M. Garrido, R. y García-Martínez, I., **El Neolítico en la Península Ibérica y su contexto europeo**, Cátedra, 2012

Ruiz-Gálvez, M. L., **La Europa Atlántica en la Edad del Bronce. Un viaje a las raíces de la Europa Occidental**, Crítica, 1998

### **Bibliografía Complementaria**

Bradley, R., **The significance of monuments: on the shaping of human experience in Neolithic and Bronze Age Europe.**, Routledge, 2012

Coppens, Y.; Picq, P., **Los orígenes de la humanidad**, Espasa-Forum, 2004

Collis, J., **La Edad del Hierro en Europa**, Labor, 1989

Curtis, G., **Los pintores de las cavernas. El misterio de los primeros artistas.**, Turner, 2009

Delibes, G & Guerra, E., **"Un brindis por el príncipe". El Vaso Campaniforme en el interior de la Península Ibérica (2500- 2000 a. C.) (Vol. I-II)**, Museo Arqueológico Regional de la Comunidad de Mad, 2019

Díez Martín, F., **Breve historia de los Neandertales.**, Nowtilus, 2011

Díez Martín, F., **Breve historia del Homo Sapiens.**, Nowtilus, 2011

Kristiansen, K., **Europa antes de la Historia. Los fundamentos prehistóricos de la Europa de la Edad del Bronce y Primera Edad del Hierro**, Ediciones Península, 2001

Lewis-Williams, D.; Pearce, D., **Dentro de la mente neolítica**, Akal, 2014

Stringer, C. y Andrews, P., **La evolución humana**, Akal, 2005

---

## **Recomendacións**

### **Outros comentarios**

---

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Xeografía: Fundamentos de xeografía humana**

Materia	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana			
Código	O04G741V01108			
Titulación	PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Patiño Romarís, Carlos Alberto			
Profesorado	Patiño Romarís, Carlos Alberto			
Correo-e	carlosalberto.patino@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.es">http://moovi.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	O carácter de formación básica desta materia no Grao de Xeografía e Historia vén xustificado pola contribución que desde a mesma realízase á formación do futuro graduado: en Fundamentos de Xeografía Humana faise unha boa aproximación ao coñecemento dos grandes problemas sociais que afectan a gran parte da Humanidade a comezos do milenio. Medir e interpretar as dinámicas demográficas e as súas consecuencias, as transformacións urbanas, os problemas do mundo rural ou os impactos ambientais das múltiples actividades económicas, etc., forman o núcleo central da materia de estudo e de aí a súa relevancia no Grao			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saber establecer un método de traballo de campo cuxas hipóteses non estean condicionadas polo estado da cuestión clásico en tradutoloxía	
Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso de desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía	
Comprensión dos fenómenos xeográficos como manifestación de relacións complexas entre variables físicas, humanas e socioeconómicas	
Toma de conciencia sobre as achegas da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais	
Coñecemento e capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos xeográficos nun contexto disciplinar e multidisciplinar	
Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social	

**Contidos**

Tema	
1. Mirar, pensar e analizar o territorio	1.1. A Xeografía como ciencia. Evolución da Xeografía Humana: da descrición ao método científico. O espazo como produto social. 1.2. Os conceptos crave articuladores da Xeografía moderna. Relacións ser humano-medio, espazo, rexión, paisaxe. 1.3. A observación do territorio: o problema das escalas xeográficas e niveis de análise espacial
2. Relacións sociedade-medio.	2.1. O concepto de ecosistema e o medio natural mundial. 2.2. O estudo das poboacións. As fontes de análise demográfica e a súa interpretación. Dinámica demográfica e estrutura da poboación. Os modelos de transición demográfica. Os movementos migratorios 2.3. O crecemento da poboación e as políticas demográficas. A distribución desigual da poboación, dos recursos e da actividade

3. Espazos rurais e espazos urbanos: complementariedade e interdependencia

3.1. O proceso de urbanización. Etapas no desenvolvemento urbano. Definición de cidade. Criterios e problemas  
 3.2. A cidade como espazo. Os conceptos de localización e situación. O valor xeo-histórico do plano urbano e análise dalgunhas tipoloxías de cidades. A imaxe da cidade. Morfoloxía e estrutura urbana. O espazo urbano como un produto social. Os problemas das cidades  
 3.3. Os espazos rurais. A funcionalidade dos medios rurais nas sociedades urbanas: heteroxeneidade, subordinación e dependencia

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	5	20
Obradoiro	10	20	30
Resolución de problemas	13	20	33
Eventos científicos	2	0	2
Traballo tutelado	0	30	30
Seminario	5	0	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	5	24	29
Observación sistemática	0	1	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación, por parte do profesor, dos contidos básicos da materia. Tratarase de incentivar a participación crítica e reflexiva do alumnado nestas clases teóricas
Obradoiro	Como metodoloxía activa, realizaranse exposicións de traballos bibliográficos elaborados polos alumnos co obxectivo de profundar nas cuestións fundamentais dos temas da materia. Estas sesións darán lugar á participación, discusión e conclusións ás que teñen que chegar os asistentes ao seminario
Resolución de problemas	Estas actividades estarán encamiñadas á explicación e resolución de exercicios prácticos na aula en consonancia e en función das clases teóricas: análise e interpretación de materiais gráficos diversos, cadros estatísticos, cálculo de índices e taxas, comentario de audiovisuais e manexo do TIC
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Traballo tutelado	Estas actividades están encamiñadas a potenciar o traballo en grupo. O estudante, en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia. Trátase dunha actividade autónoma do/s estudante/s que inclúe a procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...
Seminario	Adicárase fundamentalmente a orientar ao alumnado na realización do seu traballo autónomo ou en grupo. Prestarase especial atención aos aspectos relacionados coa planificación e organización das diferentes actividades prácticas, seminarios, etc.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
